



COÑECE E CAMIÑA VETERANOS ACTIVOS

**ROTEIRO DA AUGA (Lugo)
GUITIRÍZ-PARGA-CAPELA S. ALBERTE
DOMINGO 15 DE DECEMBRO DO 2024**



Presentación

O vindeiro domingo 15 de decembro organizaremos o derradeiro “Coñece e Camiña” do ano 2024. Neste caso pretendemos levar a cabo un roteiro polo Concello de Guitiriz e que finalizaremos cunha comida no restaurante “La Casilla” desta localidade.

Descrición do roteiro:

Trátase dun fermoso percorrido fluvial, no que teremos a ocasión de contemplar a fantástica contorna natural que atesouran os ríos Ladroil e Parga, de gran encanto e beleza.

Partindo das proximidades do Balneario de Guitiriz, o roteiro lévanos por carreiros pegados ao río entre belos bosques de ribeira en donde poderemos contemplar gran variedade de elementos etnográficos vinculados a auga, tales como muíños, caneiros, presas, pasos e pontellas.

Tamén teremos a ocasión de visitar algunhas das fontes de augas medicinais máis importantes da zona que desde fai máis dun século veñen curando doenzas a todos os visitantes: a fonte de San Xoán de Lagostelle e a fonte de Valdobín. Teremos tamén a oportunidade de contemplar varios muíños ao longo do percorrido, merecendo especial mención o “Muíño dá Carballeira” en Parga.

Esta localidade de Parga é famosa pola súa feira e que por casualidade coincide coa nosa actividade este domingo e con a metade do percorrido previsto.

Continuaremos pola beira do río Parga ata alcanzar o santuario de San Alberte, do século XIII, enmarcado nunha bela contorna natural. Na súa proximidade hai unha

fonte con frontis renacentista e ponte gótico sobre o río Parga, así como os restos dun antigo hospital de peregrins do Camiño de Santiago.

Características técnicas do percorrido:

A priori, non existen dificultades técnicas salientables xa que se trata dun percorrido practicamente sen desniveis.

En canto á lonxitude do percorrido, aproximadamente 13 Km, pode parecer un pouco longo se consideramos que soamente dispoñemos da mañá para realizalo, pero o tratarse de persoas afeitas a camiñar non existirá problema en rematalo a tempo previamente á comida.

Con todo, os responsables da andaina poderán modificar e adaptar esta programación si o tempo ou outras circunstancias o aconsellan

Comida:

- Restaurante A Casilla (Guitiriz) as 15:00 horas
- Menú: callos, carne asada, postre e bebida.
- Prezo: 20 Euros.



